



## NOTA INFORMATIVA DO IESCHA

# MUNICIPAIS'2023

## DEBATE ELECTORAL

### ENTRE CABEZAS DE LISTA DAS CATRO CANDIDATURAS

### CONCELLO DE VILALBA

### NA CASA DA CULTURA

### VENRES 19 DE MAIO DE 2023 - 20:30 horas

28 M

ELECCIÓN Municipais 2023

DEBATE ELECTORAL  
ENTRE CABEZAS DE LISTA DAS CANDIDATURAS

PSG PSOE VILALBA  
ELBA VELEIRO

PP VILALBA  
SANDRA VÁZQUEZ

vilalbaberta  
MODESTO RENDA

bng Vilalba  
TINO ALVITE

Moderador: BARUK DOMÍNGUEZ

Organiza Iescha Instituto de Estudos Chairegos VILALBA

VENRES 19 DE MAIO-20:30  
CASA DA CULTURA DE VILALBA  
(Haberá servizo de intérprete de lingua de signos de ASORLU)

O Instituto de Estudos Chairegos “Pena do Encanto”, como xa fixera noutras ocasións similares, incluíu na programación do presente ano **2023** a realización dun debate entre cabezas de lista das **candidaturas** presentadas no Concello de Vilalba ás eleccións municipais do domingo **28 de maio**.

Con este motivo, o **IESCHA** organiza dito debate que se celebrará o **venres 19 de maio**, a partir das **20:30 horas**, na **Casa da Cultura de Vilalba**.

Estará moderado polo xornalista vilalbés **BARUK DOMÍNGUEZ**, e nel participarán as candidatas e os candidatos á alcaldía de **Vilalba** das catro formacións políticas que se presentan:

**ELBA VELEIRO**, polo **PSOE**  
**SANDRA VÁZQUEZ**, polo **PP**  
**MODESTO RENDA**, por **VA**  
**TINO ALVITE**, polo **BNG**

O debate estruturase en tres temas principais: 1.- SERVICIOS PÚBLICOS / 2.- MODELO DE VILA E DE CONCELLO / 3.- O DÍA DESPOIS, con presentación, intervencións sobre cada tema, réplicas e contrarréplicas sucesivas dos participantes e minuto de ouro final.

O **IESCHA** convida a todos os veciños e veciñas do concello de Vilalba, e ao público en xeral, a asistir ao mencionado acto, para que poidan coñecer directamente por boca das candidatas e dos candidatos os correspondentes programas electorais e dispoñer deste xeito dunha información o máis completa posible á hora de exercer o dereito ao voto.

Como en debates anteriores, este será retransmitido tamén vía streaming.

No acto contarase co servizo de intérprete de lingua de signos (**ASORLU**).